

Sr. D. Luis Seoane.  
BOS AIRES.

Querido Luis: Alégrome moito que che gustara o número galego de Insula. Ten os seus defeitos, inevitabels, pro en xeral estou de acordo contigo. En Galicia e no resto de España causou moita sensación. Canito, o director, recibiu cartas de felicitación a oito. Todos coinciden en que o número é moito mellor que o que se adicou ás letras catalanas i eso que nós non dispoñemos das facilidades de tipo económico que teñen os nosos amigos. O artigo de Rafael é moi fermoso i o de Blanco Amor está realmente ben. Suprimiron algunha foto dos teus cuadros i algunha outra ilustración por razóns de espacio. Satisfáceme enormemente que fora do teu agrado o meu traballo. En realidade, penso que era mellor do que saíu na revista xa que iste apareceu seriamente mutilado. Cousas que pasan. De todos xeitos hai que estar contentos. Non esquezamos que o número quedou parado catro anos na censura i aquí xa non nos facíamos moitas ilusións sobor da súa aparición.

Falei moito de tí, e de todos vós, con motivo de enterro de D. Ramón Cabanillas. Acudiu xente de toda Galicia e foi unha demostración máis de cómo o noso espírito está vivo, alerta e vixiante, incluso nas xeneracións novas que non poseen vivencia algunha de moitas cousas pasadas.

Vexo que traballas como un forzado. Iso é bó. Canta máis obra teñas, máis se enriquecerá a nosa terra. Non estás esquecido nin moito menos. Ó contrario. Aredor de tí e da tua significación artística hai un verdadeiro halo de curiosidade, de admiración e de respecto. Unha vida honesta e creadora non se perde endexamais. O cuadro teu que eu teño na miña casa i os dibuxos que colgan na cabeceira do despacho da miña Clínica son visitados e contemplados a cotío por xentes de toda índole que coinciden no fervor hacia o arte auténtico e, por tanto, hacia Seoane. Tí eres, sin dúbida, a figura máis outa da plástica galega contemporánea e isto, que non se formula nos periódicos nin nas revistas oficiaes, o saben universitarios, artistas, intelectuais e traballadores da nosa entrañabel Galicia. Luis Seoane, penso e digo en moitas vegadas en público, é como un neno galego que se nos foi prás Américas e que alí tivo a nobleza de desenrolar un traballo heroico non pra empetar cartos senón pra aumentar, esgreviamente, o caudal artístico da nosa Patria. E Seoane sigue sendo un neno que vai pra maior e que sabe tapar as bágoas pra que a visión creadora non se lle tolde. E todo isto feiro alá en Bós Aires, naquela balbor do lonxano no que ele, o artista, escoita sempre como un profundo rumor do profundo e calado pobo galego. Eisí pasan os anos, lentos e doorosos, e Seoane alá está, firme e fecundo. Galicia téñ algún día de pagar a deuda contraída con este neno galego que envellece, loita e suscita inéditos mundos de fermosura.

E non sigo, querido Luis, non sigo.

Eu tamén traballo o que poido. Iste inverno teño eiquí unha xeira de dez conferencias, unhas médicas i outras de tipo cultural. O pasado 27 día a primeira en Lugo no "Círculo de las Artes". E nela de mostrei compridamente cómo o paísán galego pasa fame, fame material, i as consecuencias que isto trae consigo. Houbo un verdadeiro desborde em tivo no público e a inqueda quedou suscitada. Aparte dun libro sobor